



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 10 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución denominado Punto de entrega de gas natural a Gas Galicia SDG SA de 2.500 Nm³/h para subministración en MOP 4 bar a Outeiro de Rei (Lugo), promovido pola empresa Gas Natural Redes Distribución Gas SDG SA (expediente IN627A 2015/28-0).

Para os efectos previstos no artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos e no artigo 78 do Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, sométese a información pública o seguinte proxecto de autorización administrativa:

PETICIONARIO: Gas Natural Redes Distribución Gas SDG SA, con CIF nº A66560152 e con enderezo para os efectos de notificación na rúa Lisboa, s/n, Edificio Área Central, local 31-HIJ, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña).

ANTECEDENTES:

A consellería de Industria e Comercio, mediante Orde do 12/03/1993, outorgou a Enagás SA a concesión administrativa para a prestación do servizo público de condución e subministración de gas natural para usos industriais na provincia de Lugo, afectando aos termos municipais de Vilalba, Begonte, Rábade, Outeiro de Rei, Lugo e Cospoite; que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* o 05/04/1993.

Como consecuencia da escisión de activos realizada por Enagás SA a favor de Gas Natural SDG SA, levada a cabo en 1999, esta última empresa pasou a ser titular das correspondentes concesións administrativas, así como das infraestruturas gasistas aprobadas e executadas ao abeiro delas. A este respecto, a Dirección Xeral de Industria ditou resolución, con data 20/01/2000, pola que se autorizou a transmisión de instalacións situadas nesta Comunidade Autónoma, de acordo coa operación de escisión da rama de distribución de gas levada a cabo por Enagás SA a favor de Gas Natural SDG SA.

Así mesmo os activos de distribución de gas natural que ata o 30 de setembro de 2005 pertencían a Gas Natural SDG SA foron adquiridos por Gas Natural Distribución SDG SA, sucedendo esta nova empresa a Gas Natural SDG SA na actividade de distribución de gas natural.

O 25/09/2015 esta dirección xeral ditou resolución pola que se autoriza a transmisión de varios activos de transporte secundario e de distribución de gas natural de alta presión, pertencentes a Gas Natural Transporte SDG SL e Gas Natural Distribución SDG SA, respectivamente, a favor de Gas Natural Infraestructuras Distribución Gas SDG SA coa consecuente subrogación dos dereitos e obrigas asociados.

Posteriormente, a sociedade Gas Natural Infraestructuras Distribución Gas SDG SA cambiou de denominación pasando a ser Gas Natural Redes Distribución Gas SDG SA.

O 21/12/2015 Gas Natural Redes Distribución Gas SDG SA solicitou a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución do punto de entrega de gas natural a Gas Galicia SDG SA de 2.500 Nm³/h para subministración en MOP 4 bar a Outeiro de Rei (Lugo).

OBJECTO DA PETICIÓN:

O obxecto da petición é a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución denominado "Punto de entrega de gas natural a Gas Galicia SDG SA de 2.500 Nm³/h para subministración en MOP 4 bar a Outeiro de Rei (Lugo)", que permita dispoñer, a partir do gasoduto de transporte existente no concello, dunha rede de inicio para subministración con gas natural no concello de Outeiro de Rei a MOP 4 bar.

DESCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS:

As instalacións do proxecto son:

- Conexión de entrada á ERM en MOP 16 bar con 6,5 m de tubaxe de aceiro DN 4" de 3,6 mm de espesor e calidade GR L245 3PN.
- Estación de Regulación e Medida (ERM) Modelo MOP 16-4 bar Q 2.500 - D aéreo.
- Extensión de rede en MOP 4 bar de 7 m de PE DN 160 que remata en cap DN160.
- Instalacións auxiliares:
- Válvula de entrada á ERM de DN 4"
- Válvula de saída á ERM de DN 160

TERMO MUNICIPAL: A solicitude afecta ao termo municipal de Outeiro de Rei, na provincia de Lugo.

ORZAMENTO: Trinta e seis mil trescentos tres euros e oitenta e cinco céntimos (36.303,85 €).

O que se fai público para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións, no prazo de 20 días a partir da data de publicación deste anuncio, podendo examinar o correspondente proxecto na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Edificio Administrativo San Caetano, bloque 5, planta 4ª, 15781 - Santiago de Compostela, así como na Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2016.-O director xeral de Enerxía e Minas, Angel Bernardo Tahoces

R. 0789

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.
SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado pola superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-153. TREITO: LOURENZÁ-MASMA

TERMINO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO

CLAVE: LU/01/004.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da administración, alcalde e secretario do citado concello.

Día: 13 de maio de 2016

Hora: de 12:00 a 12:15 h

Lugar: Concello de MONDOÑEDO

Lugo, 15 de marzo de 2016.- **O xefe do servizo,** Gerardo Pallares Sánchez.

EXPEDIENTE1533

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-153. TREITO: LOURENZÁ - MASMA

CLAVE LU/01.4.1

CONCELLO: **Mondoñedo**

LISTADOS DE DIRECCIÓNS

PREDIO/S	TITULAR/ES	DIRECCION
153	FERNÁNDEZ CORRAL REGINA	Avda. de Cataluña, 3-1-3º. 17300 Blanes (Girona)
149	REDONDAS REDONDAS RAMÓN E OUTROS	Coubeira - Campa. Mondoñedo (Lugo)

R. 0798

Anuncio

Autorizado pola superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-112 COSPEITO-TUMBO E DA LU-121 DE TUMBO-MONCELOS. TREITO: COSPEITO-TUMBO, TUMBO-MONCELOS

TERMINO MUNICIPAL DE ABADÍN

CLAVE: LU/01/010.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da administración, alcalde e secretario do citado concello.

Día: 13 de maio de 2016

Hora: de 12:45 a 13:15 h

Lugar: Concello de ABADÍN

Lugo, 15 de marzo de 2016.- **O xefe do servizo**, Gerardo Pallares Sánchez.

EXPEDIENTE: 1518

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-112 COSPEITO - TUMBO E DA LU-121 DE TUMBO -MONCELOS. TREITO: COSPEITO - TUMBO, TUMBO - MONCELOS

CLAVE LU/01.10.1

CONCELLO: Abadin

LISTADOS DE DIRECCIÓNS

PREDIO/S	TITULAR/ES	DIRECCION
353CO	FERNÁNDEZ ALBÁN CARMEN	Avda. de Monelos, 103-105 3º D. 15009 A Coruña
456CO	RICO CENDÁN JESÚS	Avda. Terra Chá, 96. Feira do Monte. Cospeito

R. 0799

Anuncio

Autorizado pola superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-113. TREITO: MONCELOS-ABADÍN (N-634). TERMINO MUNICIPAL DE ABADÍN

CLAVE: LU/06/157.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da administración, alcalde e secretario do citado concello.

Día: 13 de maio de 2016

Hora: de 12:45 a 13:15 h

Lugar: Concello de ABADÍN

Lugo, 15 de marzo de 2016.- **O xefe do servizo**, Gerardo Pallares Sánchez.

EXPEDIENTE: X1558

Término municipal de:	ABADIN
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Acondicionamento da estrada LU-113. Treito: Moncelos-Abadín (N-634)
Clave:	LU-06-157-01

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
582CO	DIAZ REINANTE ELVIRA	LG OLIVEIRA. REDONDA Nº 16. 15137 CORCUBION. A CORUÑA
412CO; 411CO	GARCIA ALVARIÑO JOSE DOMINGO	ARBOL. SAN LORENZO Nº 5. 27818 VILALBA. LUGO
414CO	HERMIDA MORADO ANA MARIA	ABELED. SABUGOS Nº2. 27730 ABADIN. LUGO
413CO	MORADO GOAS PLACIDO	ABELED Nº 4. 27379 ABADIN.LUGO
410CO	MORADO PORTELA MARIA TERESA	ABELED 8. 27379 ABADIN. LUGO
453CO	PAZ LOZANO MANUEL	GOAS Nº1. 27379 ABADIN. LUGO

EXPEDIENTE: X1559

Término municipal de:	ABADIN
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto modificado nº1 do “Acondicionamento da estrada LU-113. Treito: Moncelos-Abadín (N-634)”
Clave:	LU-06-157-01-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
1581CO	CORRAL BASANTA LUIS	RUA ALCALDE MANUEL PORTELA Nº 40 2ºB. 27003 LUGO
1656	DIAZ REINANTE ELVIRA	LG OLIVEIRA. REDONDA Nº 16. 15137 CORCUBION. A CORUÑA
1567CO	GOAS COIRA CESAR FRANCISCO	CABANEIRO Nº1 . 27379 ABADIN. LUGO
1580CO; 1565CO	PEDROSA PEDROSA MARIA ASCENSION	RUA REGUEIRO Nº7 6ºA. 3611 VIGO. PONTEVEDRA
1505CO	RIVAS AGUIAR MARISA	RUA MIGUEL DE CERVANTES Nº 60 5ºD. 27002 LUGO
1615CO; 1614CO; 1613CO	RODRIGUEZ RIO ELISEO	GOAS Nº 4. 27379 ABADIN. LUGO
1577CO	SEIJO LEAL MANUEL	CABANEIRO. PICHIRA Nº5. 27379 ABADIN. LUGO

R. 0800

CONCELLOS**FOZ***Anuncio*

Aprobación e exposición pública de Padróns fiscais e apertura do período de cobramento.

Por Resolución desta Alcaldía foron aprobados os seguintes Padróns de contribuíntes:

Padrón	Data resolución aprobación	Período de cobramento en voluntaria
Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de xaneiro e febreiro de 2016	18 de marzo de 2016	21 de marzo de 2016 a 21 de maio de 2016
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de xaneiro e febreiro de 2016	18 de marzo de 2016	21 de marzo de 2016 a 21 de maio de 2016

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra estes as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determináanse os períodos de pagamento en voluntaria reflectidos.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 18 de marzo de 2016.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0835

GUNTÍN

Anuncio

Modificada a plantilla e relación de postos de traballo deste Concello, por acordo Pleno do 18 de marzo de 2016, consecuencia da creación de DÚAS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO:

- 1 encargado/a Punto de Atención á Infancia (P.A.I.), Técnico Medio.
- 1 persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.), Asimilado C₁.

Exponse ao público por prazo de quince días hábiles aos efectos de exame e reclamacións dacordo co que perceptúan os artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

Guntín, 22 de marzo de 2.016.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0836

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro de dous mil dezaseis adoptou o acordo que se transcribe a continuación:

1.- Os ficheiros do concello da Pobra do Brollón serán os contidos nos anexos deste acordo e os recollidos no acordo do pleno de 4 de novembro de 2015.

2.- Créanse os ficheiros incluídos no anexo I deste acordo, en cumprimento do artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999 e o artigo 54.1 do Regulamento de desenvolvemento.

3.- Modifícanse os ficheiros incluídos no anexo II deste acordo en cumprimento do artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, e o artigo 54.3 do Regulamento de desenvolvemento.

4.- Os ficheiros que se recollen nos anexos deste acordo, rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan para cada un deles, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

5.- En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, os ficheiros serán notificados para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días desde a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

6.- O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo I.

Ficheiros de nova creación.

Ficheiro: Taxas municipais.

a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos.

a.1) Identificación do ficheiro: Taxas municipais.

a.2) Finalidade e usos previstos: Xestión de datos relacionados cos impostos e taxas do concello.

b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia.

b.1) Colectivo: Cidadáns e residentes.

b.2) Procedencia: O propio interesado ou o seu representante legal.

Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados.

c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Estrutura:

Datos identificativos: DNI, Nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura, dirección electrónica.

Outras categorías de carácter persoal: Económicas financeiros e de seguros.

c.2) Sistema de tratamento: Ficheiro parcialmente automatizado.

d) Comunicaci3ns dos datos previstas:

Administraci3ns p3blicas competentes na materia. (Deputaci3ns Provinciais)

e) Transferencias internacionais previstas a terceiros pa3ses:

Non se realizan ou non est3n previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Econ3mico Europeo.

f) 3rganos responsables do ficheiro:

Concello da Pobra do Broll3n.

g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificaci3n, cancelaci3n e oposici3n:

Concello da Pobra do Broll3n, Avda. de Galicia, 50, 27330-A Pobra do Broll3n, Lugo

Correo electr3nico: secretaria@pobradobrollon.es.

h) Nivel de medidas de seguridade: Nivel Medio.

Anexo II.

Ficheiros que se modifican:

Ficheiro: Corporaci3n local.

d) Comunicaci3ns dos datos previstas:

Administraci3ns p3blicas competentes na materia. (Outros 3rganos da Administraci3n do Estado. Ministerio de Administraci3ns P3blicas)

Ficheiro: Servizos sociais

d) Comunicaci3ns dos datos previstas:

Administraci3ns p3blicas competentes na materia. (Outros 3rganos da Comunidade Aut3noma)

Ficheiro: Desenvolvemento local

d) Comunicaci3ns dos datos previstas:

Administraci3ns p3blicas competentes na materia. (Outros 3rganos da Comunidade Aut3noma, Deputaci3ns Provinciais)

Ficheiro: OMX

d) Comunicaci3ns dos datos previstas:

Administraci3ns p3blicas competentes na materia. (Outros 3rganos da Comunidade Aut3noma)

A Pobra do Broll3n, 23 de marzo de 2016.- O alcalde, Jos3 Lu3s Maceda Vilari3o.

R. 0837

O VALADOURO

Anuncio

APROBACI3N DE BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCI3N DE PERSOAL, DE CAR3CTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS AO CONCELLO DE O VALADOURO (COTA XERAL OU COTA DE DISCAPACITADOS).

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na s3a sesi3n extraordinaria celebrada o d3a 29 de marzo de 2016 procedeuse a prestar aprobaci3n 3s seguintes bases xerais polas que se establecen as normas para a selecci3n de persoal, de car3cter temporal, para prestar servizos ao Concello de O Valadouro (cota xeral ou cota de discapacitados), dispo3ndo a s3a publicaci3n no Bolet3n Oficial da Provincia:

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCI3N DE PERSOAL, DE CAR3CTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS AO CONCELLO DO VALADOURO (COTA XERAL OU COTA DE DISCAPACITADOS).

1. 3MBITO DOS PROCEDEMENTOS DE SELECCI3N TEMPORAL.

As presentes bases te3en por obxecto establecer o procedemento de selecci3n a prazas/empregos/empregos temporais do Concello do Valadouro para o acceso:

1.1.- 3 condici3n de funcionario interino nos supostos previstos no artigo 10 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto B3sico do Empregado P3blico.

1.2.- Á condición de contratado laboral temporal, nos supostos previstos no artigo 11 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, mediante contrato de interinidade ou calquera outra modalidade contractual diferente á sinalada anteriormente, de acordo coa lexislación laboral.

1.3.- Ás Listaxes de Emprego Temporal.

As funcións a realizar serán as que se sinalan nas Bases Específicas.

O persoal seleccionado prestará servizos nas unidades que se indican nas Bases Específicas, ou ben integrarse na correspondente Listaxe de Emprego Temporal.

A convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web (www.valadouro.org).

2. NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no que resulten vixentes, a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RD lexislativo 781/1986, de 18 do abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o e o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado. Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS/AS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDOS/AS AO PROCESO SELECTIVO.

Os/As aspirantes deberán facer constar na solicitude que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que estarán en condicións de acreditarlos, unha vez seleccionados, no prazo que se sinala na base 13.3.

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza/posto/emprego á que aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que houber estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida nas bases específicas.

Se a titulación é obtida no estranxeiro, deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) No caso da cota de discapacitados, ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

4. SOLICITUDES.

4.1. Presentación. Os interesados poderán participar no/s proceso/s selectivo/s presentando unha solicitude no modelo oficial que figura como Anexo destas Bases, estando tamén dispoñible na páxina web www.valadouro.org e nas Oficinas Secretaría-Intervención Municipal.

4.2. Prazo de presentación. 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

4.3. Lugar de presentación. Rexistro Xeral do Concello do Valadouro ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando se presente en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello do Valadouro, deberá poñelo en coñecemento da Entidade mediante Fax (982574303) ou mediante correo electrónico (concello.ovaladouro@eidolocal.es) antes de

rematar o prazo de presentación de solicitudes. Sen a concurrencia de ambos requisitos non serán admitidas aquelas solicitudes que sexan recibidas no Concello fora do prazo de presentación de solicitudes.

4.4. Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes, acreditando documentalmente os méritos que aleguen conforme se establece na base 5.3.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NECESARIAMENTE COA SOLICITUDE.

5.1. Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

5.2. Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación deberá presentarse nos seguintes supostos:

- a) Cando se solicite a adaptación de probas en procesos da cota xeral.
- b) Cando se participe en procesos reservados á cota de discapacitados.

5.3. Documentos que acrediten debidamente os méritos (no caso de que o sistema de selección sexa o concurso ou concurso-oposición).

5.3.1.- Forma de acreditar os méritos.

Deberá acompañarse á solicitude, dentro do prazo de presentación de solicitudes, as copias compulsadas dos documentos que acrediten os méritos alegados para poder ser puntuados conforme ao baremo.

Non acreditar os méritos tal e como se sinala nesta base 5.3, acreditarlos de forma insuficiente a xuízo do Tribunal ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será enmendable polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

Os méritos acreditados, puntuaranse ata a data do remate do prazo de presentación de instancias e deberán posuírse na dita data.

5.3.2.- Documentos a presentar para xustificar as acreditacións dos distintos apartados do baremo.

a) Experiencia. En todos os casos deberá presentarse obrigatoriamente o informe da vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Os servizos prestados nas Administracións acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo oficial correspondente, nóminas, contratos, tomas de posesión, etc, nos que se especifique a praza/posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo e as funcións ou tarefas realizadas.

Se os servizos que se acrediten se prestaron no Concello do Valadouro, deberá facelo constar na solicitude co obxecto de que esta Entidade emita certificación acreditativa dos servizos prestados e a incorpore ao expediente do proceso selectivo, entregando copia ao interesado/a.

- Os servizos prestados en empresas privadas acreditaranse mediante contrato de traballo rexistrado no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado e as funcións e tarefas realizadas.

b) Copia do documento acreditativo da/s titulación/s académica/s, cursos, estudos, xornadas, masters, cursos ou titulacións de idiomas, certificación da superación de exercicios expedida pola administración correspondente, etc.

6. LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

6.1. Lista provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución na que se aprobe a lista provisional de admitidos e, se é o caso, excluídos. A dita resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello do Valadouro e na páxina web www.valadouro.org

6.2. Prazo de alegacións. O prazo para que os excluídos poidan alegar o que consideren será de 3 días naturais a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios e na indicada Páxina Web.

6.3. Lista definitiva. De considerarse as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

7. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1. Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do

Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplente, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

7.2. Actuación do Tribunal. O Tribunal resolverá tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nas Bases Xerais e Específicas e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

7.3. Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na páxina web www.valadouro.org.

7.4. Incorporación de asesores e persoal de colaboración. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

8.- CITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS E ENTREVISTA.

A citación ao Tribunal e aos aspirantes, para a realización da primeira proba, deberá publicarse no Taboleiro de Edictos e na páxina www.valadouro.org, cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización do resto das probas, así como para a realización da entrevista, non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

9.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema selectivo determinarase e levarase a cabo de conformidade co establecido nas Bases Específicas.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecéndose para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados ou a orde da Listaxe de Emprego Temporal.

No suposto de empate nas puntuacións de dous/dúas ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública Galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller.

No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres ou entre dous homes, este resolverase acudindo á puntuación obtida nas probas da fase de oposición pola orde na que se realizaron. De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida nos apartados do baremo pola orde establecida. De persistir o empate acudirase á orde alfabética dos apelidos.

Igualmente, o Presidente do Tribunal, formulará proposta de seleccionados, ante a Alcaldía do Concello, ao obxecto de integrar a correspondente Listaxe de Emprego Temporal.

11.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas/postos/empregos convocados. A dita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web www.valadouro.org.

Co fin de asegurar a cobertura das prazas/postos/empregos convocadas/os, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da resolución do proceso selectivo, da toma de posesión ou formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios interinos ou formalización do contrato como persoal laboral temporal.

12.- ORDE DE ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados superaron o concurso-oposición para a súa incorporación nas Listaxe de Emprego Temporal.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

13.1.- Documentación que os aspirantes seleccionados teñen que acreditar documentalmente mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais.

a) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

b) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) da titulación académica esixida nas Bases específicas ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados na que necesariamente se acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

c) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

d) No caso de participar a través da cota de reserva de discapacitados, certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, se é caso, da Administración correspondente que acredite o grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, a Deputación Provincial, poderá requirir, respecto as persoas que accedan a través da indicada cota, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade do desempeño das correspondentes funcións.

13.2.- Lugar de presentación. Os devanditos documentos presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello do Valadouro.

13.3. Prazo de Presentación. O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de anuncios, prazo que poderá ampliarse cando os/as seleccionados/as acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

En supostos de urxencia, poderase proceder a nomear ou á formalización do correspondente contrato laboral de forma inmediata; quedando os aspirantes obrigados a aportar a mencionada documentación no prazo de 10 días naturais computados dende a data da toma de posesión ou sinatura do citado contrato; en caso contrario, procederíase ao cesamento automático dos/as afectados/as.

13.4.-As condicións de capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo establecidas como requisito xeral de acceso acreditaranse a través do correspondente recoñecemento médico. A tal fin o/a aspirante ou os/as aspirantes seleccionados someteranse a recoñecemento médico, emitíndose o correspondente ditame sobre a adecuación psicofísica de aquel/a para o desempeño das tarefas propias da praza a ocupar. No suposto de que o informe médico, previo ó contrato sexa negativo deberá informarse ós/as representantes dos traballadores e poderanse presentar informes médicos contraditorios se así o estima ó/a traballador.

14.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Á vista da proposta do Tribunal, de constatar que os/as aspirante/s acreditan os requisitos esixidos para acceder ás prazas/postos/empregos que se convocan, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral temporal ou nomeando funcionarios interinos os/ás aspirante/s propostos/as, formalizándose o contrato de traballo ou a toma de posesión.

No suposto de convocatoria de Listaxes de Empregos Temporais a Xunta de Goberno Local decidirá sobre a súa constitución e orde dos/as seus integrantes.

15.- COMPATIBILIDADE CO DESEMPEÑO DA PRAZA/POSTO/EMPREGO QUE SE CONVOCA.

